

**DON PABLO PORTELA FERNANDEZ, SECRETARIO ACUMULADO DO
CONCELLO DE TUI,**

CERTIFICA: Que o Sr. Alcalde-Presidente, con esta data, emitiu resolución do seguinte teor literal:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

Procedida á convocatoria para a contratación do subministro "**Piano de Cola**" e unha vez que rematou o prazo de presentación de propostas, de conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ó abeiro do prego de cláusulas administrativas aprobado para a contratación, **RESOLVO:**

1º.- Que para o referido contrato, e de conformidade co listado de rexistro que obra no expediente, se presentou unha única proposta económica:

R.E. nº 12125/2015 - 29/12/2015, da empresa Musical Pontevedra, S.L., con enderezo en rúa Uruguay, nº 59-baixo, 36002 Pontevedra.

2º.- Nomear ós seguintes membros que formarán parte da Mesa de Contratación:

PRESIDENTE: D. Miguel Angel Capón Rey, 1º Tenente de Alcalde, por delegación da Alcaldía para esta licitación.

VOGAIS:

D. Pablo Portela Fernández, secretario acumulado do Concello ou funcionario en quen delegue.

D. Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello, ou funcionario en quen delegue.

D. Rubén López López, Director do Conservatorio de Música.

Dª María José González Pérez, concelleira de Ensino e Cultura.

SECRETARIA DA MESA: Dª Mª Jesús Blanco Martínez.

3º.- Convocar a Mesa de Contratación **para a apertura da documentación administrativa, sobre nº 1, en sesión non pública para o día 11 de febreiro 2016, ás 09,00 horas.** Se a Mesa acorda admitir á empresa presentada e non procede emitir requirimento aos efectos de subsanación de documentos, se procederá en **acto seguido, en sesión pública, para o mesmo día 11 de febreiro, á celebración da Mesa de Contratación para apertura de sobre nº 2.- Criterios cuantificables de forma automática: Oferta económica e melloras,** conforme ao prego de cláusulas administrativas aprobado.

4º.- Dar traslado da presente resolución ós membros designados na Mesa de Contratación, ao taboleiro de editos do concello e Perfil do Contratante, aos departamentos de Secretaría e Intervención así como ó Pleno da Corporación municipal na vindeira sesión que éste celebre."



EXCMO. CONCELLO
DE TUI

O que se comunica para coñecemento e efectos.
Tui, 29 de xaneiro de 2016.

O Secretario acumulado



Asdo. Pablo Portela Fernández.

PERFIL DO CONTRATANTE